



AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Máster Universitario en Marketing, Consultoría e Comunicación Política

Curso Académico: 2016-2017

■ Datos da universidade e do título obxecto do seguimento

■ Cumprimento do proxecto establecido

■ Dimensión 1. A xestión do título

■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento

■ Criterio 2. Información e transparencia

■ Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

■ Dimensión 2. Recursos humanos

■ Criterio 4. Recursos Humanos

■ Criterio 5. Recursos materiais e servizos

■ Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe

■ Criterio 6. Resultados da aprendizaxe

■ Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento

■ Listaxe de evidencias e indicadores

■ Modificacións do plan de estudos

■ Plan de Melloras

| <u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO</u> | |
|---|---|
| Denominación do título | Máster Universitario en Marketing, Consultoría e Comunicación Política |
| Mencións/Especialidades | Non hai especialidades |
| Universidade responsable administrativa | Universidade de Santiago de Compostela |
| En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s | |
| Centro responsable | Facultade de Ciencias Políticas e Sociais |
| Centro/s onde se imparte | Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da USC e Instituto Universitario de Investigación Ortega y Gasset |
| Rama de coñecemento | Ciencias Sociais e Xurídicas |
| Número de créditos | 60 ECTS |
| Profesión regulada | Non |
| Modalidade de impartición | Presencial |
| Curso de implantación | 2012/2013 |
| Data acreditación ex ante (verificación) | 28/12/2012 |
| Data renovación acreditación | 04/10/2016 |

CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada. Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudiantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A valoración sobre a relevancia do título de Máster de Marketing, Consultoría e Comunicación Política, de acordo cos criterios da Comisión Académica, segue a ser moi positiva, en canto que responde a unha materia e a unha profesión que se encontran nun acelerado proceso de tecnicificación e nunha ostensible expansión da demanda de titulados que respondan aos criterios de xestión e comunicación política das novas sociedades.

Esta resposta moderna e actualizada non se fundamenta só nos contidos académicos ofertados no Máster, senón que trae fundamento da axeitada formación da que xa están dotados moitos alumnos que proceden de titulacións como o Grao en Ciencia Política e en Ciencias da Comunicación que, no caso da Universidade de Santiago, xa foron adaptadas aos obxectivos de profesionalización actualizada que asumen ambas facultades.

A recente creación da revista científica MARCO, (2015), que se xestionou dende o Departamento de Ciencia Política de la USC, e que está vinculada tamén coa asociación de profesionais e expertos ALICE, da idea desta orientación equilibrada do Máster de cara aos campos profesional e científico.

As reflexións que xustifican dita valoración son as seguintes:

- A alta demanda (100% en 2012; 91% en 2013; 89 % en 2014, 100% en 2015, 72,5% en 2016) de prazas ofertadas (60 en 2012; 100 en 2013 e 100 en 2014, 80 en 2015 e 2016) nos dous centros nos que se imparte o Máster, constatándose nos dous centros nos que se imparte o título. Cabe precisar que áinda que a demanda diminúe no 2016, só o fai na sede do IUIOG, o que presumiblemente se debe a modificacións internas acaecidas no Instituto.
- O elevado número de prazas adxudicadas a alumnos españoles que proceden de fóra de Galicia: (37,7% en 2012; 35,16% en 2013; 38,2% en 2014, e 24,14% no curso 2016/2017).
- O elevado número de prazas adxudicadas que proceden de outros países da UE e do resto da comunidade internacional: (21,3% en 2012; 30,77% en 2013; e 24,72% en 2014, e 24,14% no curso 2016/2017).
- Unha boa nota media de acceso de 7,31 en 2015/2016 e de 7,18 no 2016/2017, tendo neste último curso o 90,63% dos alumnos unha nota media superior a 6.
- A elevada porcentaxe de alumnos que son titulados noutras universidades (65,52% no curso 2016/2017).
- O alto porcentaxe de alumnos admitidos que proveñen das titulacións preferentes.
- O plan de estudos encóntrase perfectamente homologado nas dúas sedes nas que se imparte a titulación (Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da USC, e Instituto Ortega e Gasset, en Madrid).

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspón dese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspón dese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumple a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudiantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A oferta de módulos e materias correspón dese co establecido na memoria de verificación en ambas sedes, tal e como se evidencia na información pública do Máster, e nos programas de organización docente que se achegan a este informe. Todas as materias incluídas na memoria do título son impartidas, se ben con certas diferenzas de planificación temporal, en ambas sedes.

O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspón dese co establecido na memoria de verificación, tal e como se pode apreciar nas guías docentes que están publicadas na web da USC e do IUIOG. Ditas guías docentes están orientadas á adquisición por parte dos alumnos, das competencias previstas na memoria de verificación.

Ademais o tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas, aínda que poderíamos facer unha reflexión específica relativa a algunas materias como a de técnicas de investigación en marketing, consultoría e comunicación política, planificación e dirección de campañas, ou o consultor e a xestión da campaña. Para ditas materias non estaban previstas na memoria horas de laboratorio, que finalmente si foi necesario impartir, dado que nalgúns inclusive a maior parte da docencia é impartida en aulas de informática. A modificación do tipo de docencia prevista para estas materias permitiría a redución dos grupos e unha mellora na calidade da ensinanza. No curso 2017/2018 trámítouse a modificación do PDA do Máster, de modo que toda a docencia da materia de Técnicas de Investigación en Marketing e Consultoría Política pasase a ser docencia de laboratorio, isto provocou a duplicación de grupos, que se implantará por primeira vez no próximo curso académico 2018/2019, e que sen dúbida repercutirá na mellora da docencia. Non temos experiencia en participación do alumnado en programas de mobilidade, dada a curta duración do Máster, un ano académico, e a concentración das clases, o que non facilita que os alumnos demanden este tipo de programas.

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudiantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarse o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudiantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudiantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En primeiro lugar cabe destacar a boa valoración para o curso 2016-2017 da coordinación entre as materias do plan de estudos 3,67 sobre 5, superior á media da USC 2,63, así como dos horarios da titulación 4,67 (3,08 media da USC) e do calendario de probas para a avaliação 4,33 (3,44 media da USC).

Neste mesmo senso, a valoración das competencias adquiridas polo alumnado é de 4,00 sobre 5, mentres que para o resto da USC é de 3,23.

Como se ten mencionado en liñas precedentes o título impártese en dúas sedes, por un lado na USC y por outro no IUIOG. Esta dualidade fixo que se poña un especial interese en fomentar a coordinación nos diferentes espazos que fan referencia ao título.

Os mecanismos que facilitan dita coordinación son:

- A existencia dunha Comisión Académica, da que forman parte, dende que se puxo en marcha o título, non so o director do Máster, senón tamén un representante do Instituto de Investigación Ortega e Gasset, actualmente o adxunto á dirección académica do Instituto.
- O feito de que parte do corpo docente do Departamento de Ciencia Política da USC teña impartido clases na sede do IUIOG nestes tres anos, e que algúns destes docentes, incluído o coordinador do Máster, teñan formado parte de todos e cada un dos tribunais de Traballo de fin de Máster que se celebraron na sede de Madrid.
- A celebración de reunións ao principio de cada curso académico entre o coordinador do Máster e o ata o curso pasado coordinador no IUIOG, para coordinar as materias e o seus contidos, así como os horarios e a asignación de prácticas e traballos de fin de máster.
- Na planificación das prácticas externas téñense en conta, en ambas sedes, os mesmos procedementos de xestión; entre eles a estandarización dos informes de prácticas para ambas sedes. Procedementos que foron postos en marcha e coordinados polo

coordinador de prácticas que é o mesmo para ambas sedes. Todo elo ten repercutido moi positivamente na valoración que os diferentes axentes implicados teñen realizado, nestes tres anos, das prácticas externas:

- Os niveles de satisfacción media dos titores externos cos programas de prácticas externas teñen aumentado dun 3,71 (sobre 5) para o curso 2014-2015 a un 4,43 para o curso 2016-2017.
 - A satisfacción media dos alumnos/as con ditas prácticas tamén aumentou, pasando dun 3,20 no curso 2015-2016, a un 4,20 no pasado curso 2016-2017, superior á media da USC (4,04). Lamentablemente para este dous curso so contamos con datos para a sede de Santiago de Compostela. De calquera modo, insistimos na necesidade de tomar estes datos con cautela, debida á baixa taxa de resposta das enquisas, un 19,23% no último curso.
- Destaca a importante base de empresas, organismos e institucións públicas e privadas, que se ofertan para a realización de prácticas externas por parte dos alumnos/as en ambas sedes, así como as facilidades que para a xestión de ditas prácticas noutros espazos diferentes aos existentes, outorga a dirección do Máster. A mesma coordinación das prácticas en ambas sedes contribúe a que aínda que a oferta é distinta para cada sede, ao atoparse xeograficamente tan distantes, en numerosas ocasións se deron casos de alumnos de Santiago que puideron realizar prácticas en Madrid dentro da oferta prevista para o IUIOG.
- Os niveis de satisfacción coas prácticas poden ser entendidos como un indicador de que os alumnos están adquirindo as competencias establecidas para dita materia. Ademais, o tutor de prácticas está en contacto en todo momento, tanto para a xestión das mesmas como durante a súa realización, cos titores externos, que lle dan feedback do desempeño do alumno. En calquera caso, o sistema de prácticas pasa porque os alumnos escriban unha memoria e enchan un cuestionario, onde se avalía, entre outras cousas as capacidades que teñan podido adquirir. Finalmente, os titores externos tamén enchan un cuestionario, polo que a información sobre o desempeño dos alumnos e as competencias que adquieren é ampla. Certo é, que non todos os alumnos adquieren todas as competencias, debido á especificidade dalgunhas delas.
- Por outra banda, para suprir as posíbeis deficiencias de coordinación que puideran existir na xestión do título e dos alumnos/as, tense promovido e posto en marcha a creación dunha dirección delegada da USC, en substitución do coordinador en Madrid ata a data que non pertencia á USC, e que deixou o seu cargo. Esta dirección delegada tena assumido unha profesora do Departamento de Ciencia Política e da Administración da Universidade de Santiago de Compostela, que dirixe a implantación do Máster no IUIOG, e que ademais forma parte da Comisión Académica do Máster e da Comisión do Título, o que sen dúbida facilita notablemente as tarefas de coordinación e enlace entre ambas sedes. O obxectivo é solucionar os problemas de coordinación que se sinalaban en informes anteriores da ACSUG, e evidenciar que dita coordinación existe e que se produce fundamentalmente no seo da Comisión Académica do Máster, na que se debaten tanto cuestións de avaliación académica, como cuestións relativas á oferta de prácticas e de Traballo Fin de Máster. Ata a data, ademais de reunións entre o coordinador do Máster e o coordinador delegado no IUIOG, a participación de varios profesores da USC en tódolos aspectos docentes da sede de Madrid, existen numerosos correos electrónicos que evidencian a coordinación continuada, como non podería ser doutra maneira.
- Finalmente, entre as accións de mellora aprobadas e realizadas, figura a creación dunha Comisión Intersedes, con representantes do IUIOG e da USC, o nomeamento de coordinadores de materia en ambas sedes, e a posta en marcha de medidas para garantir a coordinación intra-materias. Todo isto sen dúbida repercutirá na mellora dos mecanismos de coordinación docente e da calidade docente do Máster.

Como resultado das melloras desenvolvidas, aumentou considerablemente a valoración que os estudiantes fan da coordinación entre os profesores/as das materias, pasando dun 1,43 no curso 2014-2015, a un 2,33 no 2015-2016, e finalmente un 3,18 no pasado curso 2016-2017.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudiantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudios.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudiantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A memoria do título de Máster de Márketing, Consultoría e Comunicación Política, establece como titulacións preferentes de acceso ao mesmo:

- Graduados/as en Ciencias Políticas.

- Graduados/as en Xornalismo ou Ciencias da Información.
- Graduados/as en Económicas.
- Graduados/as en Administración e Dirección de Empresas.
- Graduados/as en Publicidade e Relacións Públicas.
- Graduados en Xestión e Administración Pública.
- Graduados en Dereito.

Con leves diferenzas, o perfil real dos alumnos/as que teñen cursado nestes últimos anos o Máster de Marketing, Consultoría e Comunicación Política, en ambas sedes, replica a preferencia establecida na memoria do título. Concretamente, construíronse nos últimos anos da seguinte forma:

1. Licenciados/as ou Graduados/as en Ciencia Política e da Administración: o 36,06% no curso 2012/2013, 21,25% no curso 2013/2014, 28,13% no curso 2014-2105 e 32,60% no curso 2016-2017.
2. Licenciados/as ou Graduados/as en Xornalismo ou Ciencias da Información: o 26,23% no curso 2012-2013, 21,25% no curso 2013-2014, 28,13% en 2014-2015 e 34,78% no curso 2016-2017.
3. Licenciados/as ou Graduados/as en Económicas: 1,56% no curso 2014-2015 e 2,17% no curso 2016-2017.
4. Licenciados/as ou Graduados/as en Administración e Dirección de Empresas: 4,92% no curso 2012-2013, 1,25% no curso 2013-2014 e 1,56% no curso 2014-2015.
5. Licenciados/as ou Graduados/as en Publicidade e Relacións Públicas: 4,92% no curso 2012-2013, 1,25% no curso 2013-2014 e 1,56% no curso 2014-2015 e 6,52% no curso 2016-2017.
6. Licenciados/as ou Graduados/as en Dirección e Xestión Pública: 1,25% no curso 2013-2014.
7. Licenciados/as ou Graduados/as en Dereito: 1,64% no curso 2012-2013, 2,5% no curso 2013-2014 e 3,13% no curso 2014-2015, e 6,52% no curso 2016-2017.
8. Licenciados/as ou Graduados/as en Comunicación Audiovisual: o 8,75% no curso 2013-2014 e 10,94% no 2014-2105.
9. Outras titulacións: 4,92% no curso 2012-2013, 5% no curso 2013-2014, 6,25% no curso 2014-2015, 13,04% no curso 2016-2017 .
10. Estudos realizados no estranxeiro: 6,56% no curso 2012-2013, 1,25% no curso 2013-2014 e 1,56% no curso 2014-2015.
11. Resolución reitoral de equivalencia: 14,75% no curso 2012-2013, 36,25% no curso 2013-2014 e 17,19% no curso 2014-2015.

Como aspectos a destacar dos datos mencionados anteriormente:

- O elevado porcentaxe de Graduados/as en Comunicación Audiovisual que deciden cursar o presente título, non sendo unha titulación de acceso preferente, o que sen dúbida debe ser tido en conta para o análise do perfil de ingreso e a posible evolución e adaptación da titulación á demanda real.
- Os perfís maioritarios de procedencia teñen sido tódolos anos: Licenciados/as ou graduados/as en Ciencias Políticas e da Administración e Licenciados/as ou graduados/as en Xornalismo ou Ciencias da Información.
- Co paso dos anos tense dispersado en maior medida o perfil dos alumnos/as matriculados no título.
- Elevado porcentaxe de alumnos/as estranxeiros nos tres anos; o que sen dúbida é mostra do interese crecente e actualidade non so dos diferentes temas tratados neste título, senón tamén e sobre todo, da calidade da docencia impartida no mesmo.

A información sobre os criterios de acceso e admisión pode ser consultada na memoria do Máster e nos seguintes enlaces:

<http://www.usc.es/gl/centros/politicas/titulaciones.html?plan=14678&estudio=14679&codEstudio=14184&valor=9>

http://www.usc.es/export/sites/default/gl/departamentos/politicg/descargas/MASTER/MEMORIA_POP_MARKETING_POLXTICO_DEF.pdf

Como xa se ten comentado, a demanda do Máster de Marketing, Consultoría e Comunicación Política é moi elevada, e continúa en aumento dende o curso de implantación 2012/2013, sendo un dos Másters non profesionalizantes que máis demanda ten en Ciencias Sociais na USC e de todos os Másters en xeral, ademais de que dita demanda ten aumentado ano a ano dende que se implantou, polo que a reflexión neste apartado debe ser positiva.

A pesares do diferentes perfil de acceso dos estudiantes, a realidade é que non existen complementos formativos, e estes non se teñen amosado necesarios ata a data, á luz dos resultados obtidos pola maioría dos estudiantes (taxa de éxito, cualificacións...) que son bastante homoxéneos, sen apreciar diferenzas importantes en función da súa procedencia.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido

nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudiante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tódalas cuestiós relativas ao correcto desenvolvemento do título, así como a relación dos alumnos/as nel, regúlase polas seguintes normativas:

- Información xeral sobre o título:
<http://www.usc.es/gl/centros/politicas/titulaciones.html?plan=14678&estudio=14679&codEstudio=14184&valor=9>
- Normativa xeral: <http://www.usc.es/es/normativa/estudiantes/indestuda.html>.
- Convocatoria de Fin de Carreira para as titulacións adaptadas ao EEES.
 - Modificación do punto segundo da Convocatoria de Fin de Carreira para as titulacións adaptadas ao EEES.
- Normativa de permanencia
 - Corrección de errores (DOGA, 8 de agosto de 2012).
 - Corrección de errores (DOGA, 10 de xuño de 2013).
 - Resolución Reitoral do 12 de setembro de 2012 pola que se establecen excepcións á aplicabilidade do artigo 6.2. das normas de permanencia para o curso 2012-2013.
 - Modificación das normas de permanencia (DOGA, 10 de decembro de 2014).
 - Acordo do Consello de Goberno do 8 de maio de 2015 sobre adaptación da normativa de permanencia nas titulacións de Grado e Máster.
- Normativa sobre recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio.
- Resolución pola que se publica a Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudiantes e de revisión de cualificacións aprobada no Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011.
- Instrucción da Secretaría Xeral Nº 4/2011, sobre revisión de traballos de fin de grado ou máster.
- Modificación do acordo sobre concesión dunha oportunidade extraordinaria de recuperación para o alumnado que cursou materias dos plans de estudio en extinción polo graxo do amparo do art. 13 da Normativa de Avaliación.
- Acordo do Consello de Goberno sobre a Regulación dunha oportunidade de Recuperación para os plans de estudio en proceso de extinción.
- Normativa de asistencia a clase en ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (aprobada no Consello de Goberno do 25 de marzo de 2010).
- Regulamento de prácticas académicas externas (aprobado en Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015).
- Estatuto do Estudante da Universidade de Santiago de Compostela.
<http://www.usc.es/gl/normativa/estudiantes/estatutoestudiantadouniv.html>
- Acordo do Consello de Goberno do 27 de xuño de 1996 polo que se crea o censo de asociacións estudiantís.
- Regulamento do Servizo Universitario de Residencias. <http://www.usc.es/es/normativa/estudiantes/regulsur.html>
- Seguro Obrigatorio de Accidentes e Asistencia en viaxe para estudiantes da USC.

Consulta de toda a normativa mencionada que no ten enlace específico:

<http://www.usc.es/es/normativa/estudiantes/index.html>

A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas,...) desenvólvense segundo o establecido nelas. De calquera modo, a capacidade de influencia sobre a normativa a aplicar por parte da coordinación ou a Comisión Académica do Máster é inexistente.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está disponible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudiantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Públicaase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A información pública recollida para ambas sedes pódese visitar nas páxinas web:

<http://www.usc.es/gl/centros/politicas/titulaciones.html?plan=14678&estudio=14679&codEstudio=14184&valor=9>

<https://goberna.org/formacion/masteres-universitarios-oficiales/marketing-consultoria-comunicacion-politica/>

e articúlase en función do establecido no anexo II da guía de avaliación para a renovación da acreditación.

Destaca neste apartado a boa valoración da información pública disponible sobre a titulación, cun 4 sobre 5, sendo significativamente superior á media da USC que é de 3,16 para o curso 2016-2017.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidad formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e proponer accións de mellora, realizando o seu seguimiento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidad do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidad da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os mecanismos e procedementos para a recollida e análise da información permiten a avaliación continua da calidad do ensino e as prácticas externas.

Como se salientou en apartados precedentes, están perfectamente operativos os órganos de coordinación entre as dúas sedes nas que se imparte o título.

Os procedementos de avaliación e mellora da calidad da ensinanza e o profesorado, así como os mecanismos de formulación de suxestións e queixas, funcionan consonte ao establecido no manual de calidad e á normativa vixente na USC.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O proceso de formulación de accións de mellora contribúe eficazmente a planificar a xestión da calidad dentro do programa.

A meirande parte das accións de calidad propostas (mecanismos de coordinación; revisión de competencias e guías docentes) foron executadas e só, nas que se depende de financiamento, marco normativo ou planificación da USC (PDI), externos alleos ao centro, quedaron pendentes.

3.3.- O SGC implantado revisírase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establecéncense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).

- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os procesos de xestión do Centro seguen fielmente as directrices do SGC. Os actores concernidos en cada un dos órganos responsables desenvolven axeitadamente e coordinadamente as súas responsabilidades. Non obstante a Comisión de Calidade do Centro ten pendente a adaptación do SGC ás últimas directrices recibidas da ÁREA de calidade da universidade (redeseño de procesos institucionais / de Centro).

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudiantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudiantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsiones que se incluíron na memoria verificada. Revisarse especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudiantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

USC:

O Máster Universitario en Marketing, Consultoría e Comunicación Política conta na sede de Santiago cun cadro de profesorado importante, formado por un total de 17 docentes:

1. Dos cales o 64,75% no pasado curso académico eran funcionarios sobre o PDI total.
2. O 93,75% do PDI deste título no curso 2016-2017 eran doutores, unha porcentaxe superior á media porcentual da USC para o pasado curso (91,88%).
3. O 85,71%, sobre o total do PDI con docencia no título, posuía sexenios de investigación o pasado curso académico.
4. En el curso 2016/2017 non houbo PDI con docencia no Máster que participara en programas de mobilidade.

As últimas porcentaxes mencionadas téñense incrementando nos últimos cursos académicos; especialmente no caso dos complementos de investigación, o que sen lugar a dúbidas permite dar conta da producción científica e investigadora do persoal que imparte docencia neste título e da continua mellora nos seus estándares de calidad respecto aos datos contidos na memoria de verificación do título, e que xa eran axeitados naquel momento.

Destacar o feito de que en liñas xerais, podemos falar dun axeitado número de profesores para impartir a docencia neste título, tanto polo seu perfil académico como pola súa xa mencionada produtividade.

Pola su parte, tanto a xestión e titorización das prácticas externas, como a titorización dos TFM realizase polo persoal académico, pertencente tamén á Comisión Académica do Máster.

Todos os profesores do Máster están en posición de dirixir traballos fin de Máster e a asignación dos mesmos nos últimos anos, como se comprobará no apartado correspondente deste informe, ten sido bastante equilibrada.

É importante sinalar tamén, o nivel medio de satisfacción expresado polo profesorado do título respecto da docencia

impartida neste máster, dun 4,04 sobre 5 para o pasado curso 2016-2017.

Nesta orde de cousas destacamos tamén a media de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, dun 3,94 para o curso 2016-2017. Trátase dun grao de satisfacción do alumnado notable, e que tivo unha evolución moi positiva desde que contamos con datos, pasando dun 3,51 de media no curso 2013-2014, un 3,52 no 2014-2015, e un 3,47 no curso 2015-2016, ata a valoración actual. A pesar disto, non debemos esquecer que os datos deben ser tomados con cautela debido á baixa taxa de resposta da enquisa (33,33% no 2016-2017) e a falta de control da mostra.

Por último, gustaríanos mencionar que se ben a posibilidade de ampliar o profesorado del Máster nesta sede con profesionais de recoñecido prestixio no sector, tal e como recomendaba a ACSUG no informe final de verificación do Máster, faise especialmente difícil nun sistema no que os Másteres Oficiais non dispoñen de ningunha fonte de financiamento propia; a pesar disto, e grazas á vontade das persoas implicadas, conseguiuse traer algúns profesionais en varias ocasións ao longo destes anos para que imparten docencia.

IUIOG:

O Máster Universitario en Marketing, Consultoría e Comunicación Política impartido na sede de Madrid no IUIOG conta cun variado plantel formado por un total de 30 docentes no curso 2016-2017:

1. Entre os cales atopámonos cun 66,67% de profesores de diferentes universidades españolas, latinoamericanas e americanas, así coma cun nutrido número de profesionais do mundo do marketing político, a comunicación política, a publicidade e a consultoría, 33,34%. Dos profesores universitarios, sete pertencen ademais ao cadro de persoal do Departamento de Ciencia Política e da Administración da USC.
2. Do total de docentes mencionados, incluídos os profesionais, un 70% son doutores.

O total de profesores nesta sede (tanto profesores das diferentes universidades como profesionais do sector), foron previamente autorizados pola USC, segundo os mecanismos establecidos, para impartir clase no Máster na sede do IUIOG ou dirixir Traballos fin de máster.

Respecto á satisfacción media do alumnado coa docencia recibida por parte dos profesores que impartiron docencia no pasado curso é dun 3,94 sobre 5. Destacando: a satisfacción media coa utilidade da axuda recibida nas tutorías (4,64 para o pasado curso académico), a explicación da programación da materia e dos criterios de avaliación por parte do profesorado (4,26), a solución de dúbidas (4,21), o cumprimento do plan de traballo previsto (4,16) ou a actitude receptiva do profesorado que facilita a comunicación cos estudiantes (4,08), entre outros. Destacar o feito de que en cursos precedentes os datos reflectían certo problema respecto da coordinación entre os distintos profesores da materia; pois ben, tralos cambios introducidos neste sentido por parte da dirección do máster, a valoración deste aspecto ten ascendido de xeito importante neste último ano.

Ata esta data, o profesorado tense revelado como suficiente para impartir da docencia requirida no Máster en ambas sedes, sen embargo, a forte carga de xestión administrativa que se ten encomendado ao persoal docente, incluída a xestión das prácticas, comeza a resultar excesiva, así coma a facer complexo o cumprimento do resto de actividades, como a investigación, propias do persoal académico e fundamentais tamén para a mellora dos estándares de calidade da titulación.

Se ben é certo que a Universidade ofrece a posibilidade aos docentes de formarse co obxectivo de mellorar a actividade docente, a través do Programa de Formación e Innovación Docente (PFID), tamén o é que a ausencia total de axudas económicas para outro tipo de formación más vinculada ao contido das materias e que tamén consideramos fundamental para a mellora da docencia, dificulta enormemente este labor. Un exemplo claro son os cursos para afondar en métodos e técnicas de investigación que parte do profesorado do Máster ten vido realizando nos últimos anos e que tiveron que ser sufragados enteiramente con recursos propios e persoais dos interesados.

En canto á mobilidade, se ben ningún profesor do máster ten participado neste pasado curso académico en programas de mobilidade, que por outro lado son moi escasos e con moi poucos recursos; si teñen realizado estancias pola súa conta propia no estranxeiro, así como teñen asistido a congresos nacionais e internacionais, tamén financiados con recursos propios, ou mesmo participado en cursos de especialización, de novo con fondos propios.

A pesar dos esforzos do persoal docente, a USC non ten facilitado o labor do profesorado, xa que nos últimos anos o número de profesores en plantel do Departamento de Ciencia Política y da Administración, o que conta co principal encargo docente neste máster, se ten visto reducido nun 25%, o que non se axusta ao éxito nin á demanda crecente da titulación, de modo que de seguir aumentando a demanda e manterse a situación do cadro actual, é posible que se produzcan algunas dificultades no futuro.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudiantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O desenvolvemento do programa formativo recibe apoio permanente da unidade de xestión do centro e da secretaría do Departamento de Ciencia Política e Socioloxía. Este persoal dispón da cualificación necesaria para desenvolver os labores esixidos e recibe periodicamente oportunidades de actualización de competencias a través dos programas de formación para o persoal de administración e servizos da USC.

Non obstante, sería necesario que a política de recursos humanos da USC contemplase o reforzo de persoal destas unidades, sobrecargadas ao ter que apoiar aos diversos títulos, ademais de asumir outras tarefas de soporte á xestión do Centro.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudiantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudiantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudiantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudiantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á disponibilidade de aulas, salas de estudio, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudiantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á disponibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistencias e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento das polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudiantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudiante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudiante oriéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analizase e revisase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudiantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os recursos materiais e servizos disponibles son axeitados, basicamente, para garantir o desenvolvemento do Máster.

Se dispón dunha aula-seminario e se comparte o uso da aula de informática do Centro. O alumnado dispón de 3 salas de estudio (30 prazas) ás que se podería engadir no curto prazo un novo espazo, segundo a planificación do Centro.

No relativo á disponibilidade de bibliografía e fontes de información, os datos aportados pola Biblioteca Intercentros Concepción Arenal indican a disponibilidade de 1030 postos de estudio, 30 postos en salas para audicións e formación, 30 postos en salas para traballos grupais e o seguinte equipamento informático: postos de lectura informatizados; PCs para consulta de bases de datos, catálogos, etc.; PCs para consulta exclusiva catálogo BUSC; portátiles para préstamo; impresoras y escáneres. A colección consta de 175.000 monografías e 4.000 revistas (3.300 pechadas e 700 en curso).

Garántese o acceso a todos os espazos. O Centro ten aprobada unha remodelación dos salóns de actos para rematar de adaptar a infraestrutura en termos de accesibilidade.

Os servizos de apoio fornecidos pola USC (orientación; inserción laboral) operan axeitadamente.

Os protocolos de prevención de riscos son observados rigorosamente e o Centro está a adoptar as medidas necesarias para corrixir calquera deficiencia.

No que atinxo aos espazos de traballo e aulas, o servizo de informática da USC está pendente de facer unha valoración do equipamento informático para proceder á transición a un novo sistema operativo.

Cómpre garantir una mellor coordinación entre os títulos ofertados polo Centro para acadar un axeitado uso da aula de informática programando anticipadamente a reserva de equipamentos.

O alumnado ten reclamada a instalación de tomas de electricidade que favorezan o uso de dispositivos electrónicos persoais. O Centro está pendente da elaboración do orzamento desa intervención.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e corresponden ao nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudiantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden ao nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudiantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adegúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A clara composición multidisciplinar do persoal docente deste título, tanto na USC como no IUIOG, facilita a adquisición por parte do alumnado non só das competencias contidas na Memoria deste título, senón tamén das sete competencias xenéricas que establece para o nivel 3 – Máster, o Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior (BOE, 3 de agosto de 2011).

Atendendo ás cualificacións obtidas polos alumnos nas distintas materias que ofrecen as dúas sedes nas que se imparte o título de Máster en Marketing, Consultoría e Comunicación Política, en liñas xerais, pódese falar de excelentes resultados por parte dos alumnos/as na adquisición de coñecementos actualizados sobre a Comunicación Estratéxica Integral, o Marketing Político e a Consultoría Política, así como a adquisición de coñecementos sobre as diferenzas e similitudes dos diferentes campos do marketing, da consultoría e da comunicación. En definitiva, trátase de formar a profesionais cun coñecemento global de todas as áreas relacionadas co márketing político, que ademais posúan as destrezas para responder ás múltiples tarefas que se abordan nas empresas que se dedican a estas áreas de mercado.

A esta finalidade contribúe entre outras cuestiós o feito de que todos os profesores do máster exerzan unha labor de asesoramento aos estudiantes sobre a importancia da adquisición das competencias recollidas na memoria do Máster, a revisión anual das guías docentes das materias e a existencia de coordinadores das prácticas externas en ambas sedes.

USC

Respecto ás cualificacións obtidas para as materias na sede da USC, convén resaltar as seguintes cuestiós:

1. Do número total de cualificacións postas para o conxunto de materias do Máster na USC, no ano 2016-2017: o 2,81% corresponden con matrículas de honra, o 44,38% con sobresalientes, o 43,82% con notables, o 4,49% con aprobados e o 4,49% con non presentados.
2. En base a estes niveis de cualificacións, con patróns similares na desagregación por materia, podemos afirmar que os alumnos teñen adquirido os coñecementos sinalados para cada unha das materias e os marcados de forma global polo título.
3. En relación coas porcentaxes de cualificación obtidos en termos globais para o conxunto de materias, sinalar

o nivel medio de satisfacción expresado polos alumnos/as coa docencia impartida de 3,94 (sobre 5) para o curso 2016-2017, notablemente superior á obtida no curso anterior (3,47) sendo a más elevada dende a posta en marcha da titulación.

4. Un nivel de satisfacción que tamén se reflicte entre o profesorado, cuxa satisfacción media coa docencia impartida no pasado curso é de 4,05 sobre 5, a máis alta ata o momento, dende que a titulación se puxo en marcha.

Respecto aos Traballos Fin de Máster na sede da USC, sinalar algunas cuestións:

5. A porcentaxe global de matrículas de honra o pasado curso 2016-2017 foi de 2,63%, a de sobresalientes de 21,05%, a de notables de 26,32%, a de aprobados de 18,42% e a de non presentados de 21,05%. A porcentaxe de renuncias foi dun 10,53%.
6. Respecto aos contidos que teñen sido desenvolvidos nos TFM presentados, convén destacar non só a amplitude temática dos mesmos, enmarcados nas diferentes temáticas que se tratan ao longo do programa: comunicación política, márketing político e campañas, comportamento electoral, xestión de crises, marketing institucional, liderado político, consultoría política,, entre outros; senón tamén e sobre todo, o amplio número de traballos nos que se recollen aplicacións empíricas con diferentes metodoloxías tanto cuantitativas como cualitativas que permiten unha maior achega do alumnado ao mundo académico e laboral. A modo de exemplo: a análise estatística de enquisas, a análise cuantitativa e cualitativa de discursos, a aplicación ao ámbito de campañas de grupos de discusión, o deseño de índices para a análise de servizos dende o ámbito da consultoría institucional, a análise de redes sociais, a análise de marketing institucional,..., entre outras moitas aportacións. Todas elas destacan pola capacidade de innovación e de actualidade das temáticas que se abordan, de gran interese e impacto non só dende un punto de vista científico e/ou académico, senón e sobre todo dende un punto de vista de futura aplicación no ámbito laboral por parte dos estudiantes.

No relativo ás prácticas externas na sede da USC, resaltar:

7. Obsérvase en liñas xerais un alto grao de satisfacción das empresas/organismos/administracións nas que estas se teñen desenvolvido, co traballo dos estudiantes, o que sen dúbida se reflicte nas excelentes cualificacións que as entidades de prácticas outorgan ao seu traballo, 4,25 sobre 5 o pasado curso académico; así como no feito de que moitos dos alumnos/as continúen traballando nos lugares onde realizaron ditas prácticas.
8. Así mesmo, é importante sinalar o elevado grao de satisfacción dos estudiantes coas prácticas externas no pasado curso académico foi de 4,26 sobre 5.
9. No curso 2016-2017, a porcentaxe de sobresalientes foi dun 32%, a de notables dun 44%, a de aprobados foi de 4%. Houbo un total de 5 traballos non presentados no pasado curso.

A sede de Santiago conta cunha ampla listaxe de institucións e/ou empresas públicas e privadas coas que se ten establecido nestes anos acordos ou convenios para a realización de prácticas externas por parte dos alumnos/as do Máster. Sirvan de exemplo: Estrategia y Organización S.A., Estratexia de Comunicación para Organizacións 360 S.L., FEGAMP, Fida Consultores, Fundación Galicia Europa, Galicia Media, Grupos Parlamentario En Marea, IUNI Consulting, Vicepresidencia da Xunta de Galicia, Instituto de Comunicación e Investigaciones Sociológicas S.L. (INCIS), PP, BNG, PSdeG-PSOE, PSPV-PSOE, Serviguide Consultoría S.L., Torres y Carrera, Unións Agrarias, Valedor do Pobo, Zarándula Comunicación Cultural.

IUIOG

Respecto ás cualificacións obtidas tanto para as materias na sede do IUIOG, convén subliñar as seguintes cuestións:

10. Do número total de cualificacións postas para o conxunto de materias del Máster na sede do IUIOG, no ano 2016-2017¹: o 1,47 correspondéronse con matrículas de honra, o 17,16% con sobresalientes, o 61,27% correspondéronse con notables e o 20,1% con aprobados.
11. En base a estes niveis de cualificacións, con patróns similares na desagregación por materia, podemos afirmar que os alumnos teñen adquirido os coñecementos marcados en cada unha das materias e os marcados de forma global polo título.

Respecto aos Traballos Fin de Máster na sede do IUIOG, sinalar algunas cuestións:

12. A porcentaxe global de matrículas de honra o pasado curso 2016-2017 foi do 5%, a de sobresalientes de 20%, a de notables do 35%, a de aprobados do 20% e a de non presentados do 20%.
13. Respecto aos contidos que teñen sido desenrolados nos TFM presentados ao longo destes tres anos, convén destacar non só a amplitude temática dos mesmos, enmarcados nas diferentes temáticas que se tratan ao longo do programa: consultoría política, marketing político, marketing institucional, comunicación política, novos formatos de medios, campañas políticas, xestión de crises..., entre outros; senón tamén e sobre todo, o amplo número de traballos nos que se recollen aplicacións empíricas con diferentes metodoloxías tanto cuantitativas como cualitativas que permiten un maior acercamento do alumnado ao mundo académico e laboral.

No relativo ás prácticas externas na sede do IUIOG, resaltar:

14. En liñas xerais existe un elevado grao de satisfacción das empresas/organismos/administracións nas que estas se teñen desenvolvido, co traballo dos estudiantes, o que sen dúbida reflíctese nas excelentes cualificacións que teñen recibido neste último ano a valoración global de ditas prácticas (4,72 sobre 5) tal e como xa mencionamos para a sede da USC.
15. No curso 2016-2017, a porcentaxe de sobresalientes foi dun 31,25%, a de notables dun 50. Houbo un total de 3 traballos non presentados no pasado curso académico.

A sede de Madrid conta, ao igual que a sede en Santiago, cunha ampla listaxe de institucións e/ou empresas públicas e privadas coas que se ten establecido nestes anos convenios para a realización de prácticas externas por parte dos alumnos/as do Máster. Sirvan de exemplo: Academia de la TV, Agencia EFE, Asesores de Comunicación Pública, Ayuntamiento de Bustarviejo, Ayuntamiento de San Martín de Valdeiglesias, Ayuntamiento Villanueva de Perales, DOG Comunicación, Editoria Imparcial de Occidente S.A., El diario.es, EQUO, Confederación Española de Organización a favor de las Personas con Discapacidad Intelectual o del Desarrollo (FEAPS), Fundación Internacional y para Iberoamérica de Administración y Políticas Públicas (FIIAPP), Fundación José Ortega y Gasset – Gregorio Marañón, Fundación Secretariado Gitano, Gabinete de Prensa Inforpress, I.U. De Rivas Vaciamadrid, IMS Health, Izquierda Abierta Madrid, Izquierda Unida, KreBS, Michael Page, Political Intelligence S.L., PSOE, Sanchís y Asociados Hispacom, Servimedia, Sociedad Civil y Democracia.

Sinalar neste sentido, a existencia dun modelo de informe para os titulares externos das prácticas que nos permite

¹ Para este cómputo quedan fora as calificacións relativas ás prácticas externas e ao traballo fin de máster.

avaliar a sintonía entre as competencias acadadas polos alumnos/as nas aulas e as necesidades do mercado laboral; así como a existencia dun informe tamén para os alumnos/as, que nos permite avaliar a calidade das prácticas ofertadas. Ambos modelos atópanse estandarizados para as dúas sedes, dende o curso 2015/2016. Como xa se mencionou anteriormente o nivel de satisfacción global dos titores externos das prácticas para a sede de Santiago é moi elevado tanto en termos xerais como en relación aos diferentes ítems. Destacan neste sentido a valoración, en ambas sedes, de: o grao de cumprimento por parte do alumnado das actividades asignadas (4,50 sede Santiago e 5 sede IUIOG) o grao de integración do alumnado no medio de traballo (4,50 sede Santiago e 4,67 sede IUIOG).

En liña coas boas cualificacións do programa de prácticas externas, é importante subliñar o nivel de satisfacción medio dos implicados. No caso dos estudiantes este nivel de satisfacción ten sido de 4,26 no pasado curso académico. Pola súa parte, o nivel de satisfacción medio da titulación, dos titores externos con estos programas de prácticas ten sido dun 4,43 (sobre 5) para o curso 2016/2017. Ambos valores teñen aumentado respecto a cursos anteriores, dando mostra do traballo que en termos de coordinación se está a realizar dende o Máster en ambas sedes, así como entre elas.

Por último, e respecto dos egresados da titulación a súa satisfacción media respecto da formación teórica é dun 3,50, superior á media global da USC (3,35) para o curso académico 2015/2016, o último para o cal se dispón de datos.

Respecto a inserción laboral dos egresados, o último dato de que se dispón é do curso 2013/2014, para o que o 52,2% teñen contratos indefinidos dous anos despois e o 47,8% contratos temporais. O 92% a tempo completo e o 56,7% con grupo de cotización universitario.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDIMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A evolución dos indicadores de resultados é razoablemente favorable se temos en conta dous factores:

1. A demanda: o elevado número de alumnado matriculado de novo ingreso 58 entre ambas sedes. Aínda que neste caso a demanda reduciuse por motivos que xa se mencionaron previamente, esta segue a ser elevada para unha titulación de Posgrao.
2. A porcentaxe de estudiantes estranxeiros que cursan o Máster foi dun 22,41% respecto ao total no pasado curso 2016/2017. A presenza de alumnado procedente doutros países, de América Latina e tamén de Europa ten sido significativa dende a posta en marcha da titulación.

A análise dos indicadores de resultados arroxa as seguintes conclusións:

1. A porcentaxe da taxa de rendemento mantense no seu conxunto por enriba do 87%, concretamente dun 90,86%, superior á media da USC (90,03%). Debemos valorar positivamente este dato que proporciona información sobre a relación entre o número de créditos superados e o número de créditos matriculados. No caso deste indicador, hai que considerar a incidencia que puidera ter o número de traballos fin de máster presentados en primeira convocatoria, que é algo máis baixo que no resto de créditos do título.
2. A taxa de éxito, do 100% para o pasado curso amosa, en relación aos valores de anos anteriores, as altas porcentaxes alcanzadas en canto á superación das materias ás que os alumnos se presentan; de novo por riba do valor medio da USC (99,29%).
3. A taxa de avaliación que mide a relación entre os créditos presentados e os créditos matriculados foi do 90,86% para o pasado curso académico. As peores porcentaxes recóllense nos datos relativos aos créditos do TFM en cada un dos centros.
4. A taxa de gradación do Título para o pasado curso académico 88,33%, superior á media da USC (83,45%).
5. A pesar do peso que poida ter o aprazamento na presentación e defensa do TFM dos alumnos/as do Máster, nos indicadores globais de resultados, a duración media dos estudos é de 1,24 (1,43 media da USC), para un título de 60 créditos e unha duración dun ano.
6. Dado o elevado número de matriculados do título, a taxa de abandono amosa uns valores razonables para os dous últimos cursos: 9,62% y 8,33% respectivamente. Sinalar a redución paulatina da mesma dende o curso 2013-2014 (primeiro da serie para o que se teñen datos).

Como resultado desta análise, incidir en dous aspectos fundamentais:

- O carácter profesional da formación fai que o alumnado priorice a realización das prácticas externas sobre a realización do TFM, en moitos casos polas oportunidades laborais que se lles presentan tanto no noso país como nos seus países de orixe no caso dos estranxeiros. Nos dous últimos anos, como consecuencia dos diferentes procesos electorais celebrados en España, estudiantes do Máster foron contratados para traballar en equipos de campañas, así como en consultorías (moitas delas entidades de prácticas do Máster que ao finalizar estas lles fan un contrato), e gabinetes de gobernos locais.
- A oportunidade que representa a realización das prácticas e as ofertas laborais obrígalles, nalgúns casos, a aprazar a presentación e defensa do TFM ao curso seguinte.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudiantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En termos xerais, os valores expresados polos índices de satisfacción dos diferentes grupos de interese para o título son bons. En todos os casos a media sitúase por enriba do 3 nunha escala de valoración entre 1 e 5.

Analizados separadamente, as medias de satisfacción son as seguintes:

1. Satisfacción dos estudiantes cos programas de prácticas externas: 4,26 sobre 5. Neste sentido, destaca entre outras, a valoración da atención recibida por parte do tutor/a externos e do persoal da empresa/institución (4,40 para o curso 2016-2017) e a valoración do feito de que as prácticas resultáranlle útiles e un bo complemento para a súa formación (4,40).
2. Satisfacción do PDI coas actividades formativas: 4,35.
3. Satisfacción do profesorado coa docencia impartida: 4,04.
4. Satisfacción do PAS coas actividades desenvoltas: 3,65.
5. Satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas: 3,71.
6. Satisfacción dos estudiantes coa docencia recibida: 3,94, destacando o feito de que tiña ido en aumento dende a posta en marcha da titulación. Os aspectos que acadan unha maior valoración media son: a valoración media que conceden no curso 2016/2017 a: a proporción entre as sesións teóricas e as prácticas na titulación (4,67, fronte ao 2,77 de media da USC), os horarios da titulación (4,67, fronte ao 3,08 de media da USC), a disponibilidade de fondos bibliográficos (4,33, fronte ao 3,69 de media da USC), as competencias adquiridas (4 fronte ao 3,23 de media da USC) e a información pública disponible sobre a titulación (4 fronte ao 3,16 de media da USC).

En relación á enquisa de satisfacción a egresados, últimos valores correspondentes ao ano 2015-16, destacar o seguinte:

1. O grado de valoración da formación teórica (3,50 en ambas sedes) por riba da media global da universidade (3,35).
2. O alto grado de valoración que os estudiantes outorgan aos seguintes aspectos da súa formación: capacidade de transmitir información, ideas, problemas e soluciones dentro de meu ámbito de estudio (3,50), capacidade de análise (3,40) e capacidade de traballo en equipo (3,40).
3. A incidencia que a satisfacción sobre estes aspectos formativos pode ter coa valoración media que os estudiantes fan das prácticas externas (4,26).

A maior dificultade coa que afrontamos a análise desta información reside no baixísimo nivel de resposta en todas as

enquisas de satisfacción realizadas a cada un dos grupos de interese, non superior ao 20% e incluso inferior nalgúns casos. Por outra parte, a ausencia de control sobre a mostra fai que non se poida determinar a representatividade das respuestas.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Aínda que existe un informe da ACSUG sobre os niveis de inserción laboral de Títulos universitarios de Grao e Posgrao en Galicia, non dispomos de datos oficiais detallados sobre esta titulación. O que si sabemos por un informe realizado sobre inserción laboral para os egresados do curso 2013-2014, é que un ano despois de egresar o 57,4% estaba afiliado á seguridade social, un 57,1% tiña contrato indefinido e un 42,9% un contrato temporal. O 80% tiña un contrato a tempo completo e o 58,1% atopábase cotizando no grupo universitario. Dous anos despois os resultados eran moi similares se ben ascendía notablemente a porcentaxe dos que estaban a traballar a tempo completo (92%).

| <u>LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES</u> | | | |
|---|-----|--|-------------------------------|
| Criterios | Nº | Evidencia / Indicador | Documento/enlace |
| Todos | E1 | Memoria Vixente do título | ACSUG |
| Todos | E2 | Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora | ACSUG |
| 1 | E3 | Análise do perfil real de ingreso/egreso | Autoinforme, Criterio 1 |
| 1,6 | E4 | Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe) | Web do Título |
| 1,3 | E5 | Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión) | E5Master.pdf |
| 1 | E6 | Listaxe de estudiantes que solicitaron recoñecemento de créditos | E6master.pdf |
| 1,6 | E8 | Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudiantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe | Autoinforme, Criterios 1 e 6 |
| 1,7 | I1 | Número de estudiantes de novo ingreso por curso académico | 4313707_P.Ind_2016-2017 |
| | | | 4313707_INF.16_2016-2017 |
| | | | 4313707_INF.CiUG_2016-2017 |
| 1 | I2 | No caso de máster, número de estudiantes de novo ingreso por titulación de procedencia | 4313707_I2_2016-2017 |
| 1 | I3 | Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudiantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudiantes matriculados) | 4313707_P.Ind_2016-2017 |
| | | | 5014_INF.03_2016-2017 |
| 2 | E9 | Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*") | Web da USC |
| | | | Web do Centro |
| | | | Web do Título |
| 3 | E10 | Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos) | Web do Centro |
| 3 | E11 | Evidencias da implantación dos procedimientos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, enseñanza e avaliación centrados no estudiante, Garantía e mellora da | Web do Centro |

| | | | |
|-------|-----|---|-------------------------------|
| | | calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidad dos recursos materiais e servizos e información Pública) | |
| 3,7 | E12 | Plans de mellora derivados da implantación do SGC | Web do Centro |
| 3,7 | E13 | Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...) | Autoinforme, Criterios 3 e 7 |
| Todos | I4 | Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título | 4313707_P.Ind_2016-2017 |
| | | | 4313707_INF.04_2016-2017 |
| | | | 5014_INF.05_2016-2017 |
| | | | 4313707_INF.06_2016-2017 |
| | | | 4313707_INF.07_2016-2017 |
| | | | 4313707_INF.08_2016-2017 |
| | | | 4313707_INF.09_2016-2017 |
| | | | 4313707_INF.10_2016-2017 |
| | | | 5014_INF.11_2016-2017 |
| | | | 4313707_INF.13_2016-2017 |
| | | | 4313707_INF.14_2016-2017 |
| | | | 5014_INF.21_2016-2017 |
| | | | 4313707_INF.22_2016-2017 |
| | | | 4313707_INF.23_2016-2017 |
| 3 | I5 | Resultados dos indicadores que integran o SGC | 4313707_P.Ind_2016-2017 |
| 4 | E15 | Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc) | 4313707_E15_2016-2017 |
| 4 | E16 | Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado) | 5014_E16_2016-2017 |
| 4 | E17 | Análise das enquisas de avaliação da docencia (% participación, resultados, evolución, ...) | Autoinforme, Criterio 4 |
| 4 | I6 | Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas | 5014_I6-I7_2016-2017 |
| 4 | I7 | Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas | 5014_I6-I7_2016-2017 |
| 4 | I8 | Resultados das enquisas de avaliação da docencia (%participación, resultados, evolución,...) | 4313707_INF.13_2016-2017 |
| | | | 4313707_INF.14_2016-2017 |
| 4 | I10 | Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de | 5014_I10_2016-2017 |

| | | | |
|-----|-----|--|--------------------------------|
| | | mobilidade sobre o total de profesorado do título) | |
| 5 | E18 | Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título | Web do Centro |
| 5 | E19 | Información sobre servicios de orientación académica e programas de acollida | Web do Centro |
| 5 | E20 | Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares | E20Master.pdf |
| 5 | I11 | Distribución alumnado por centros de prácticas | I11Master.pdf |
| 5 | E22 | Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia | Campus Virtual |
| 6 | E24 | Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, tutor y calificación) | E24Master.pdf |
| 6 | E25 | Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título | 4313707_INF.15_2016-2017 |
| 6 | E26 | Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe | Autoinforme, Criterio 6 |
| 7 | E30 | Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU) | Autoinforme, Criterio 7 |
| 6,7 | I12 | Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimiento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación | 4313707_P.Ind_2016-2017 |
| | | | 4313707_INF.17_2016-2017 |
| | | | 4313707_INF.18_2016-2017 |
| | | | 4313707_INF.19_2016-2017 |
| | | | 5014_SIIU_2016-2017 |
| | | | |
| 7 | I13 | Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso | 4313707_P.Ind_2016-2017 |
| | | | 4313707_INF.CiUG_2016-2017 |
| 7 | I14 | Resultados de inserción laboral | 4313707_EIL-SIIU_2016-2017 |

MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS

| MODIFICACIÓN | XUSTIFICACIÓN |
|--------------|---------------|
| | |

Acciones finalizadas durante o curso 2016-2017

| ACCIONES DE MEJORA | | | |
|---------------------|---|---|--|
| Definición | Acción de mejora | Código | AM-6 |
| | | Tipo | Acción de mejora |
| | Origen | Origen acción | Criterio 1. Organización y desarrollo |
| | | Descripción origen | La subcomisión señala que se aprecian incoherencias entre los sistemas de evaluación establecidos en la memoria y los realmente aplicados. Por ejemplo, la memoria contempla la realización de exámenes finales que en la práctica apenas se utilizan en varias asignaturas, especialmente en la sede del Instituto Ortega Y Gasset. |
| | Definición | Análisis causa | La experiencia ha demostrado la necesidad de modificar algunos de los sistemas de evaluación contenidos en la memoria. |
| | | Definición/ descripción propuesta | Desde las Comisiones Académicas y de Título se hará una revisión y se estudiará la posibilidad de modificar la memoria en su momento, para adaptarla a la experiencia del personal docente durante estos años. Tal y como establece la normativa, los cambios de notificarán en el seguimiento y se actualizarán en la memoria cuando haya que introducir una modificación sustancial. |
| | Fecha prevista de finalización | 31/12/2017 | |
| | Fecha inicio | 12/05/2016 | |
| Responsables | Usuario responsable de la implantación | Comisión Académica del Máster Comisión de Título del Máster | |
| | Otros responsables de la implantación | Personal Docente del Máster | |
| Tarea 1 | Código | AM-06.1 | |
| | Descripción tarea | Revisión y modificación de la memoria según el procedimiento establecido. | |
| | Fecha prevista de finalización | 31/12/2016 | |
| | Persona responsable | Comisión Académica del Máster | |
